

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36024781	do Barral	Ponteareas	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CBIFC12	Informática de oficina	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3030	Operacións auxiliares para a configuración e a explotación	2023/2024	9	205	245
MP3030_12	Configuración de equipamentos informáticos	2023/2024	9	102	122
MP3030_22	Aplicacións ofimáticas	2023/2024	9	103	123

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA BELEN BERTOIA ANDRÉS
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As competencias profesionais, persoais e sociais, e as competencias para a aprendizaxe permanente do título profesional básico en Informática de Oficina son as que se relacionan:

a) Preparar equipamentos e aplicacións informáticas para levar a cabo a gravación, o tratamento, a impresión, a reprodución e o arquivamento de datos e textos, asegurando o seu funcionamento.

j) Manexar as ferramentas do contorno usuario proporcionadas polo sistema operativo e os dispositivos de almacenamento de información.

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

a) Instalar aplicacións informáticas, integrándoas no sistema operativo e na rede da oficina, para o seu uso en rede no tratamento e na impresión de datos, textos e presentacións, e o seu posterior arquivamento.

d) Ensamblar e conectar compoñentes e periféricos utilizando as ferramentas axeitadas, aplicando procedementos e normas, para montar sistemas microinformáticos e redes, interpretando e aplicando as instrucións de catálogos de fabricantes de equipamentos e sistemas.

i) Recoñecer e manexar as ferramentas do sistema operativo e dos periféricos, para realizar configuracións e resolver problemas de acordo coas instrucións de fábrica.

q) Realizar explicacións sinxelas sobre acontecementos e fenómenos característicos das sociedades contemporáneas a partir de información histórica e xeográfica ao seu dispor.

r) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos na súa actividade laboral, utilizando as ofertas formativas ao seu alcance e localizando os recursos mediante as tecnoloxías da información e da comunicación.

s) Cumprir as tarefas propias do seu nivel con autonomía e responsabilidade, empregando criterios de calidade e eficiencia no traballo asignado e efectuándoo de forma individual ou como membro dun equipo.

t) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no seu ámbito de traballo, contribuíndo á calidade do traballo realizado.

u) Asumir e cumprir as medidas de prevención de riscos e seguridade laboral na realización das actividades laborais, evitando danos persoais, laborais e ambientais.

v) Cumprir as normas de calidade e de accesibilidade e deseño universais que afectan a súa actividade profesional.

w) Actuar con espírito emprendedor, iniciativa persoal e responsabilidade na elección dos procedementos da súa actividade profesional.

x) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

Estas persoas exercen a súa actividade por conta allea en empresas dedicadas á comercialización, á montaxe, ao mantemento e á reparación de sistemas microinformáticos e de equipamentos eléctricos ou electrónicos, e en empresas que utilicen sistemas informáticos, para a súa xestión.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Axudante/a de montador/ora de sistemas microinformáticos.

- Axudante/a de mantemento de sistemas informáticos.

- Axudante/a de instalador/ora de sistemas informáticos.

- Axudante/a de instalador/ora de sistemas para transmisión de datos.

- Auxiliar de oficina.

- Auxiliar de servizos xerais.

- Gravador/ora verificador/ora de datos.

- Auxiliar de dixitalización.

- Operador/ora documental.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Instalación sistema operativo servidor	Cámbiase en boa medida por sistemas operativos cliente (ver apartados relativos á pandemia do COVID: Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación non impartidos no módulo de montaxe)	40	5
2	Permisos en carpetas con acceso local	Cámbiase en boa medida por permisos en carpetas en sistemas operativos cliente (ver apartados relativos á pandemia do COVID: Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación non impartidos no módulo de montaxe)	41	7
3	Permisos en carpetas desde acceso remoto	Cámbiase en boa medida por permisos en grupos e usuarios en sistemas operativos cliente (ver apartados relativos á pandemia do COVID: Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación non impartidos no módulo de montaxe)	41	8
4	Edición de textos		20	15
5	Manipulación de datos		20	15
6	Creación de presentacións		20	15
7	Retoque de imaxe		20	15
8	Edición de vídeos e audio		20	10
9	Rodaxe e produción dun vídeo curto	A forma de abordar esta UD pode sufrir modificacións segundo a evolución da pandemia do COVID-19	23	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Instalación sistema operativo servidor	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Configúranse os parámetros básicos da instalación de sistemas operativos libres e propietarios
CA1.2 Configúrase o contorno de traballo en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.3 Utilízanse os elementos da interface de usuario para preparar o contorno de traballo
CA1.6 Identifícanse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de periféricos
CA1.8 Instálanse aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.9 Realízanse operacións básicas de protección en sistemas operativos libres e propietarios (actualizacións, instalación de antivirus, realización de copias de seguridade, etc.)

4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas operativos actuais libres e propietarios: requisitos técnicos do sistema operativo.
Arranque e parada do sistema. Sesións.
Utilización de periféricos.
Aplicacións e utilidades adicionais en sistemas operativos libres e propietarios.
Operacións básicas de protección fronte a ataques en sistemas operativos libres e propietarios.
Características e funcións fundamentais dun sistema operativo.
Interface gráfica de usuario: escritorio.
Realización de tarefas básicas sobre sistemas operativos: recursos do sistema.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Permisos en carpetas con acceso local	41

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno monousuario, e identifica a funcionalidade da instalación	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Recoñecéronse as características básicas dos sistemas de ficheiros máis utilizados en sistemas operativos libres e propietarios
CA1.5 Identificáronse as funcionalidades de sistemas operativos libres e propietarios para o manexo de sistemas de ficheiros
CA1.7 Utilizáronse as ferramentas do sistema operativo para explorar os soportes de almacenamento de datos

4.2.e) Contidos

Contidos
0Xestión de ficheiros e cartafóles: funcións básicas de exploración e procura. Estrutura da árbore de directorios. Xestión de sistemas de ficheiros. Sistemas de ficheiros, directorios, atributos e permisos. Operación con ficheiros: nome e extensión, comodíns, atributos e tipos. Operacións máis comúns con directorios.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Permisos en carpetas desde acceso remoto	41

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Configura equipamentos informáticos para o seu funcionamento nun contorno de rede, identificando os permisos de usuario	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicáronse preferencias na configuración do contorno de traballo
CA2.2 Creáronse, configuráronse e xestionáronse contas de usuario
CA2.3 Configurouse e comprobouse a conectividade do servidor cos equipamentos da clientela
CA2.4 Utilizáronse os servizos proporcionados polo sistema operativo para compartir recursos
CA2.5 Asignáronse permisos aos recursos do sistema que se vaian compartir
CA2.6 Accedeuse aos recursos compartidos desde os equipamentos cliente
CA2.7 Aplicáronse normas básicas de seguridade sobre recursos compartidos

4.3.e) Contidos

Contidos
Configuración de acceso á rede a través de medios con cables e sen eles.
Xestión de usuarios e grupos en contornos de rede.
Tipos de perfís de usuario.
Usuarios e grupos predeterminados e especiais do sistema.
Compartición de recursos a través da rede.
Acceso a recursos compartidos.
Normas de seguridade sobre recursos compartidos.
Dispositivos con conexión sen fíos á rede e ao equipamento.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Edición de textos	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as funcións e as características dun procesador de textos en relación cos tipos de documentos que se poden elaborar
CA1.2 Realizáronse procedementos de creación, modificación e manipulación de documentos utilizando as ferramentas do procesador de textos
CA1.3 Formatáronse textos para a súa utilización en distintas situacións
CA1.4 Utilizáronse as funcións do procesador de textos para gardar e imprimir documentos elaborados
CA1.7 Identifícanse as funcións básicas de aplicacións que permitan realizar presentacións
CA2.1 Utilizáronse navegadores web e reconeceuse a estrutura de internet
CA2.3 Transferiuse información utilizando os recursos de internet para descargar, enviar e almacenar ficheiros
CA2.4 Identifícanse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles

4.4.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade e uso de procesadores de textos.
Aplicación de formato a documentos.
Formatos de letras: negra, cursiva e subliñada.
Tamaños e tipo de fontes.
Numeración, viñetas, tabulacións e alíñamento de parágrafos.
Creación de táboas.
Inserción de obxectos gráficos nos documentos.
Configuración de páxina.
Características e usos de internet.
Navegación pola web: descrición, configuración e funcionamento do navegador.
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.

Contidos
Transferencia de datos e información por internet.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Manipulación de datos	20

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.5 Realizáronse operacións básicas con follas de cálculo, sobre documentos previamente elaborados
CA1.6 Realizáronse operacións básicas con bases de datos, sobre documentos previamente elaborados
CA2.1 Utilizáronse navegadores web e recoñeceuse a estrutura de internet
CA2.3 Transferiuse información utilizando os recursos de internet para descargar, enviar e almacenar ficheiros
CA2.4 Identificáronse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles
CA2.5 Describíronse as funcionalidades que ofrecen as ferramentas de correo electrónico
CA2.6 Creáronse contas de correo web
CA2.7 Utilizáronse outros servizos dispoñibles en internet (chat, foro, mensaxaría instantánea, redes p2p, videoconferencia, etc.)

4.5.e) Contidos

Contidos
Creación de táboas.
Inserción de obxectos gráficos nos documentos.
Funcionalidade e uso de aplicacións de follas de cálculo, de bases de datos e de presentacións multimedia.
Características e usos de internet.
Navegación pola web: descrición, configuración e funcionamento do navegador.
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.
Transferencia de datos e información por internet.
Correo electrónico: funcionalidades e tipos.
Mensaxaría instantánea: tipos e características.
Ferramentas e usos dos outros servizos de internet: redes p2p, videoconferencias, foros e chats.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Creación de presentacións	20

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as funcións e as características dun procesador de textos en relación cos tipos de documentos que se poden elaborar
CA1.2 Realizáronse procedementos de creación, modificación e manipulación de documentos utilizando as ferramentas do procesador de textos
CA1.4 Utilizáronse as funcións do procesador de textos para gardar e imprimir documentos elaborados
CA1.7 Identifícanse as funcións básicas de aplicacións que permitan realizar presentacións
CA2.1 Utilizáronse navegadores web e reconeceuse a estrutura de internet
CA2.3 Transferiuse información utilizando os recursos de internet para descargar, enviar e almacenar ficheiros
CA2.4 Identifícanse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles

4.6.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade e uso de procesadores de textos.
Aplicación de formato a documentos.
Formatos de letras: negra, cursiva e subliñada.
Tamaños e tipo de fontes.
Numeración, viñetas, tabulacións e alíñamento de parágrafos.
Creación de táboas.
Inserción de obxectos gráficos nos documentos.
Configuración de páxina.
Características e usos de internet.
Navegación pola web: descrición, configuración e funcionamento do navegador.
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.
Transferencia de datos e información por internet.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Retoque de imaxe	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Utilizáronse navegadores web e recoñeceuse a estrutura de internet
CA2.3 Transferiuse información utilizando os recursos de internet para descargar, enviar e almacenar ficheiros
CA2.4 Identificáronse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles
CA2.8 Configúranse as opcións básicas de diversas aplicacións web

4.7.e) Contidos

Contidos
Formatos de letras: negra, cursiva e subliñada.
Tamaños e tipo de fontes.
Numeración, viñetas, tabulacións e aliñamento de parágrafos.
Creación de táboas.
Inserción de obxectos gráficos nos documentos.
Configuración de páxina.
Características e usos de internet.
Navegación pola web: descrición, configuración e funcionamento do navegador.
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.
Buscadores: características e usos.
Transferencia de datos e información por internet.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Edición de vídeos e audio	20

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as funcións e as características dun procesador de textos en relación cos tipos de documentos que se poden elaborar
CA2.2 Personalízase o navegador adecuándoo ás necesidades establecidas
CA2.4 Identifícanse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles

4.8.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade e uso de aplicacións de follas de cálculo, de bases de datos e de presentacións multimedia.
Características e usos de internet.
Navegación pola web: descrición, configuración e funcionamento do navegador.
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.
Buscadores: características e usos.
Transferencia de datos e información por internet.

4.9.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
9	Rodaxe e produción dun vídeo curto	23

4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Utiliza aplicacións ofimáticas en relación coas súas correspondentes funcións	NO
RA2 - Emprega utilidades web, configúraas e identifica a súa funcionalidade e as súas prestacións	NO

4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.8 Elaboráronse presentacións multimedia aplicando normas básicas de composición e deseño
CA2.1 Utilizáronse navegadores web e recoñeceuse a estrutura de internet
CA2.3 Transferiuse información utilizando os recursos de internet para descargar, enviar e almacenar ficheiros
CA2.4 Identificáronse os medios e os procedementos de seguridade durante o acceso a páxinas web, e describíronse os riscos e as fraudes posibles
CA2.8 Configuráronse as opcións básicas de diversas aplicacións web

4.9.e) Contidos

Contidos
Funcionalidade e uso de aplicacións de follas de cálculo, de bases de datos e de presentacións multimedia.
Características e usos de internet.
Navegación pola web: descrición, configuración e funcionamento do navegador.
Normas, medios e procedementos de seguridade no acceso a recursos web.
Transferencia de datos e información por internet.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

- Para que un alumno poida ser avaliado polo procedemento de avaliación continua, é obrigatorio que asista a clase.
- A avaliación continua farase por trimestres, polo que será preciso aprobar todos para superar con éxito o módulo. Faranse recuperacións (unha distinta por cada trimestre). Ademais haberá unha recuperación final ao rematar o segundo trimestre, antes de comezar ca FCT.

- A cualificación final de cada avaliación calcularase aplicando as seguintes porcentaxes:

* O 70% da cualificación final, será a nota media de todos os exames teóricos e/ou prácticos.

* O 20% da cualificación final, será a nota media ponderada de todos os exercicios/traballos teóricos e/ou prácticos realizados no trimestre.

* O 10% da cualificación final, será polo traballo e participación na aula.

Esta distribución da cualificación final, aplicarase sempre e cando nos exames teóricos e/ou prácticos das unidades se chegue a un 5 e estean superados os contidos correspondentes a mínimos exigibles das mesmas.

Para poder aprobar cada unha das avaliacións é preciso obter na proba de cada unidade un mínimo de 5 puntos sobre 10.

As distintas unidades que sexan superadas (nota superior ou igual a 5) polo alumnado durante o curso, poderán ser excluídas na realización da proba final, sempre e cando o alumnado non perdesse o dereito de avaliación continua.

No caso das recuperacións de cada unha das avaliacións, a cualificación da recuperación será á correspondente á proba de recuperación realizada.

CARACTERÍSTICAS DAS PROBAS

- As probas poderán ser variadas : realizarse en ordenador empregando máquinas virtuais o sen elas, na aula virtual do centro, en papel, no taller , etc.

PRÁCTICAS E TRABALLOS PROPOSTOS

- Será obrigatorio facer todas as prácticas e traballos indicados durante as sesións e entregalas/os sen pasarse da data proposta polo/a profesor/a para proceder á súa valoración. (Como xa se indicou suporán o 20% da nota da cualificación final de cada avaliación).

Este módulo non ten avaliación continua posto que os contidos non son continuos nin progresivos.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de realizar dúas probas no trimestre, se non se supera a 1º proba repetiranse as partes non superadas correspondentes (parte práctica, preguntas de desenvolvemento e/ou cuestionario) na realización da 2º proba.

No caso de non superar o exame do trimestre (ou a 2º proba deste, segundo o caso), realizarase unha nova proba que poderá ser teórica, práctica ou teórica/práctica, que poderá ser feita antes ou despois da avaliación,. O resultado desta proba, terá efecto posterior a avaliación. En calquera caso, será obrigatorio a entrega dos exercicios/traballos propostos durante o trimestre.

PROBA FINAL ORDINARIA

A proba final ordinaria será para todos os alumnos que teñan suspenso algún/s trimestre/s, menos os que perderon o dereito a avaliación continua

(que terán que facelo de todo o curso e que aparece explicado no apartado 6.b.).

Para esta proba final ordinaria:

- Será obrigatorio a entrega de tódolos traballos e prácticas feitos ao longo do curso e solicitados polo/a profesor/a.
- Realizarase unha proba teórica, práctica ou teórico/práctica con só os trimestres non superados. Esta proba valorarase de 0 a 10. Débese acadar un mínimo dun 5 en cada unha das partes trimestrais polo que está composta dita proba, sendo a nota final a media das mesmas.
- A nota final calcularase co seguinte peso: 10% comportamento, traballo, asistencia e atención na aula, 20% notas dos traballos e prácticas, 70% a proba teórico, práctica ou teórico/práctica.

PROBA FINAL EXTRAORDINARIA

Esta proba será ao final do terceiro trimestre, para os alumnos que non superaron a ordinaria e non puideron realizar a FCT. Terán actividades de apoio e recuperación e un exame do estilo ao realizado na proba final ordinaria.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Terá que superar todos os bloques nun exame final, e como nos demais casos, a nota obtida será a media de todos os bloques, sempre e cando, se obtivesen en todos eles unha puntuación de 5 ou máis. En caso contrario a nota obtida sería a menor da obtida nos bloques.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Orde de 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenrolo, a avaliación e a acreditación académica do alumnado do ensinade formación profesional inicial (DOG 15/07/2011), determina no seu artigo 23.5 que

¿Cada departamento de familia profesional, realizará con unha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no que se reflexará o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razonda no caso de desviacións. A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior e outras circunstancias. O referido seguimento e revisión constará nas correspondentes actas do departamento ou, no seu caso, do equipo docente do ciclo.¿

Ademáis de seguir o indicado pola lexislación, cumprírase coas medidas especificadas no plan de calidade do centro.

Concretando, o docente responsable de cada módulo anotará as datas de inicio e finalización de cada unidade, así como o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento e calquera observación que se estime oportuna. Este seguimento farase a través da aplicación web de xestión de programacións da Consellería de Educación (<https://www.edu.xunta.es/programacions/>).

Dende o departamento estableceráse un calendario para a realización e o seguimento das programacións. En cada unha das datas fixadas, cada docente presentará un informe de seguimento dende a data do anterior ata a actual.

A avaliación da práctica docente realizarase despois de avaliar cada unha das unidades didácticas, comparando as expectativas programadas cos resultados obtidos, co fin de tomar medidas sobre a metodoloxía empregada e la temporalización da programación.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Nas aulas atopámonos con alumnos e alumnas con diferentes capacidades, motivacións e intereses, así como diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. Todo isto forma parte do que se coñece como diversidade do alumnado, á cal temos que dar resposta adoptando as medidas

educativas máis axeitadas en cada caso.

A avaliación inicial terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno, así como as súas capacidades. Do mesmo modo, e debido á problemática do COVID-19 no actual curso, detectaranse aqueles casos nos que haxa dificultades tanto de conexión á rede como de non presenza de ordenador nos domicilios do alumnado, para telo presente no caso de ter que desenvolver unha educación semipresencial ou a distancia. Así mesmo, a avaliación inicial deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional do título. Para levar a cabo esta avaliación inicial, teranse en conta os informes da avaliación de cursos anteriores, a intervención dos alumnos e alumnas en debates ou intercambios orais, máis as respostas dos mesmos a cuestionarios con preguntas (facendo uso do recurso Kahoot ou de forma escrita).

O profesor titor dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan e o departamento de Orientación detectará, identificará e valorará as necesidades educativas especiais, e deseñará e coordinará os plans de apoio para atender á diversidade do alumnado.

Esta avaliación en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de atención á diversidade para o alumnado con mais dificultades consisten en:

- propor ao alumnado exercicios extra con dificultade incremental.
- titorías voluntarias fóra do horario escolar ou nos recreos.
- en caso extremo adaptación curricular baixo acordo do departamento.

Para o alumnado con altas capacidades as medidas de atención son:

- propor retos con exercicios voluntarios dunha complexidade maior.
- implicar ó alumnado na organización de actividades informáticas ou tecnolóxicas dentro ou fóra do centro.
- proporcionar material coma libros, software ou unha raspberry para que este alumnado poida investigar.

Para o alumnado con TDA, TDAH ou calquera outra patoloxía estableceremos procedementos segundo o departamento de orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores ten un mínimo, digamos social que son as normas de convivencia:

- Respeto ó profesor, compañeiros e material.
- Manter ordeado o posto de traballo.
- Usar axeitadamente as ferramentas atendendo ás medidas de seguridade.
- Usar Internet como recurso e non coma entretemento durante as clases.
- Recoller as ferramentas cando non sexan necesarias ou ó rematar a clase.
- Non interferir ou distraer ós compañeiros.
- Traballo en equipo.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Participación en actividades e excursión do centro (por exemplo visita ao CESGA, etc.). Nota: con motivo da pandemia do COVID-19, estas actividades quedan en suspenso e só retomaríanse no caso de que foran posibles.

10. Outros apartados**10.1) Constancia de información ó alumnado**

A presentación do módulo con información relativa á programación didáctica (obxectivos, contidos, criterios de avaliación, cualificación e procedementos e mínimos exisibles) está a disposición de toda a comunidade educativa. Deste feito son informados os alumnos e pais nas respectivas guías.